

BASES CONCURSO FOTOGRAFÍA OS 21 DO CAMIÑO 2022

1. OBXETIVO

Dar a coñecer a media maratón polo camiño de Santiago no tramo entre Palas de Rei e Melide, así como a promoción e divulgación de actividades deportivas e culturais no entorno da comarca e o achegamento ao deporte a través da fotografía.

2. TEMATICA

As fotos deberán realizarse durante o transcurso da media maratón “Os 21 do camiño” que se celebrará o 18 de xuño, e deberán estar relacionadas coa carreira e as actividades deportivas en torno a mesma.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas que o deseen, sin restricción de idade nin nacionalidade, salvo aquelas que formen parte do xurado do propio concurso.

4. OBRAS

- Poderán presentarse un máximo de 5 fotografías por autor.
- Quedarán excluídas aquelas que puideran resultar de mal gusto u ofensivas polo seu contido, e contrarias a legalidade vixente.
- autor deberá garantir que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que presenta a concurso, e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda a reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.
- As obras poderán publicarse na web e redes sociais, tanto da organización como dos colaboradores, tanto do concurso como da media maratón.

5. PRESENTACIÓN

- Deberán presentarse en formato jpg, con un peso máximo de 2 Mb.
- Está permitida a manipulación da fotografía sempre e cando non desvirtúe a propia fotografía.
- A data límite de presentación será o martes 28 xuño as 24:00.
- Deberán enviarse o seguinte correo: adcerne@gmail.com
- Deberá especificarse no asunto: concurso fotografía “os 21 do camiño”
- No Correo deberá indicarse os seguintes datos de contacto:
 - ✓ Nome e apelidos
 - ✓ DNI
 - ✓ Número de contacto
 - ✓ Correo electrónico
- Calquera obra fotográfica que non cumpla os requisitos establecidos nas bases serán descartadas.

6. PREMIOS

- Concederanse tres premios as tres fotografías mellor valoradas polo xurado cunha cuantía total de 200 € distribuidos do seguinte xeito:

1º premio 100 € + trofeo

2º premio 60 € + trofeo

3º premio 40 € + trofeo

- Ningún autor poderá ser premiado con dúas ou mais fotografías das que presente.
- A renuncia a un premio, calquera que sexa o motivo, non dará lugar a compensación alguna.
- Cunha selección das fotografías realizarase unha exposición itinerante para a promoción de futuras carreiras.
- fallo do xurado publicarase nas RRSS. da carreira, “Os 21 do camiño” o día 30.